



Sr. Director Xeral de Industria, Enerxía e  
Minas  
Consellería de Economía e Industria  
Xunta de Galicia

**ASUNTO:** Resolución do 20 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o Proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e plan de restauración para as concesións de explotación Emilita n.º 1221, Ciudad de Landró n.º 1454 e Ciudad del Masma n.º 1455, que forman o coñecido como Grupo Mineiro Corcoesto, situado nos concellos de Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Coristanco, da provincia da Coruña e promovido por Río Narcea Gold Mines, S.A. como proxecto industrial estratéxico segundo a Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia.

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

## EXPÓN:

1. Que, acertadamente, o proxecto abandona a previsión inicial de lixiviar con cianuro en pilas (medio aberto) todo o mineral e opta por preconcentrar mediante gravimetría ou flotación o mineral e así tratar con cianuro en tanques axitados (medio pechado) só un 7% do mineral. Malia esta modificación o proxecto contempla:
  - a. Unha produción anual de 100.000 toneladas de residuos de lixiviación tratados con cianuro que se acumularán nunha balsa mineira.
  - b. Un consumo anual de 1.701 toneladas de produtos tóxicos e perigosos (546 de cianuro, 798 de sosa cáustica e 357 de ácido clorhídrico) que haberá que transportar ata a mina, co risco de verquido en caso de accidente de tráfico.
2. Que o EIA non avalía os custes sanitarios, económicos e ecolóxicos dos peores accidentes posibles:
  - a. A rotura das dúas balsas mineiras con vertido total ao cauce do río Anllóns da cantidade máxima de residuos que conteñan.
  - b. Verquido accidental das máximas cantidades de produtos tóxicos e perigosos almacenadas nas instalacións mineiras: 50 toneladas de cianuro, 50 toneladas de sosa cáustica e 30 toneladas de ácido clorhídrico.
  - c. O verquido accidental de produtos tóxicos e perigosos (cianuro, sosa cáustica e ácido clorhídrico) durante o seu transporte ás instalacións mineiras.

## SOLICITA:

1. Que se rexeite o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto e se esixa a elaboración dun novo que inclúa unha simulación dos efectos sanitarios, económicos e ecolóxicos dos peores accidentes posibles indicados no punto 2 do exponendo anterior. Dita simulación é imprescindible á vista dos precedentes noutros casos de minería metálica a ceo aberto, por exemplo a rotura da balsa mineira en Aznalcollar.



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

2. Que se esixa á empresa a contratación dun seguro de responsabilidade civil, nunha compañía de seguros radicada na Unión Europea e suxeita á lexislación da UE, para facer fronte a todos os danos previsibles de acordo coa simulación do punto anterior, na liña do establecido pola Directiva 2004/35/CE e a Lei estatal 26/2007 sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais.

En Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2012

O Presidente da SGHN,